

VIEIROS

Barbanza

Edición xestionada por [Adolfo Muíños](#)

EN LEMBRANZA DO RIANXEIRO

Homenaxe a Castelao en Rianxo con presenza de Anxo Quintana

O venres 7 de xaneiro, o voceiro nacional do BNG, *Anxo Quintana*, estará en terras barbanzás dentro dos tradicionais actos de lembranza do rianxeiro universal que organiza a fronte nacionalista con motivo da súa morte, o sete de xaneiro de 1950. Ás 12.30 h. na Casa de Cultura pronunciará unha conferencia titulada *Unha aposta histórica polo autogoberno*. Segundo palabras do coordinador da executiva, Francisco Jorquera, aproveitará a súa presenza na vila para facer unha declaración de gran alcance político.

- 09:15 08/01/2005

De seguido tras a intervención no Casa da Cultura, trasladarase ao Paseo da Ribeira para facer unha ofrenda floral diante do busto de Castelao, e tras un breve discurso, cantar o Himno Galego. A hoar prevista deste acto son as 13.15 h.

Pola tarde, ás 17 h. tendo como punto de encontro o mesmo escenario, desenvolverase un *Roteiro biográfico e literario polo Rianxo de Castelao* que dirixirá o académico e investigador Xosé Luís Axeitos. Desde Rianxo a Tanxil o profesor Axeitos dará a coñecer in situ os lugares sinalados na vida do ilustre rianxeiro.